

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 14 de setembro de 2023 realizou entre outras, as seguintes actuacións:

**5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106)**

A secretaria pregunta ás membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial o 11 de setembro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade das membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106)**

A secretaria pregunta ás membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

Licitador	Incremento do número de arcos	Incremento no número de motivos	Incremento na iluminación en árbores	Achegada elemento 3D (altura mínima a 8m e volume mínimo 8m <sup>3</sup> )	Achegada de arcos eficientes		Prezo ofertado
					Redución da potencia	Redución da dispersión do fluxo luminoso	
1 ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A.	100 unidades	125 unidades	100 unidades	SI	0 arcos	83 arcos	7.801.775,10 €

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

De conformidade co criterio recollido na cláusula 18.1b) deste prego, constátase que a oferta de ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A. non contén valores anormais ou



desproporcionados, polo que de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP procede outorgarlle a máxima puntuación:

	Licitador	Incremento do número de arcos	Incremento no número de motivos	Incremento na iluminación en árbores	Achega dun elemento 3D	Achega de arcos eficientes	Redución do prezo
1	ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A.	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	12,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a que segue:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A.	38 puntos	62,00 puntos	100 puntos

## 10.- Propostas de clasificación

### e) Procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (resolución da Alcaldía do 21 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".



ÁREA DE  
CONTRATACIÓN

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/09/2023 10:41	Páxina 3 de 3
9274-106	CSV: AFA635-B9B756-AD5CCF-86PPXJ-KFX5KN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		